



A Pobra do Caramiñal

Manuel M^a Durán Guillán, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular neste Concello, presenta, para a súa inclusión e debate na vindeira sesión plenaria a seguinte MOCIÓN relativa a firma do convenio coa Xunta de Galicia para ser considerado Concello Doing Business.

EXPOSICION DE MOTIVOS

A aprobación por parte da Xunta de Galicia da Lei de Implantación empresarial busca favorecer a captación e o crecemento económico así como a creación de emprego mediante a captación de novos investimentos en Galicia a través de tres liñas estratéxicas: incentivos fiscais, simplificación administrativa e mais facilidades no acceso a solo industrial.

Neste obxectivo enmarcase o acordo asinado entre a Xunta e a Fegamp coa finalidade de sumar esforzos entra as distintas administracións públicas como o mellor camiño para favorecer novos investimentos na nosa comunidade mediante a adhesión ao Convenio cunha vixencia de 3 anos, para impulsar o fortalecemento e a mellora da competitividade coa chegada de novas empresas.

Para elo establece:

Incentivos fiscais

1. Bonificar ata o 95% no IBI,IAE,e ICIO a proxectos que impliquen nova implantación ou ampliación de empresas xa existentes. En todos os casos deberá garantirse a creación de emprego.:

- Ata 0 95% de bonificación cando se creen máis de 20 postos de traballo.

A Pobra do Caramiñal

- Como mínimo o 75% cando sexan entre 11 e 20 empregos.
- Como mínimo o 50% pola creación de ata 10 empregos.

2. Non esixir a taxa por licenza de obra e por apertura en todos os proxectos que impliquen nova implantación ou ampliación de empresas xa existentes, que conleven a creación de novos postos de traballo e o seu código CNAE se corresponda con algunha actividade económica incluída no eido da Industria 4.0 e a RIS3.

Simplificación Administrativa.

Establecendo un prazo máximo de 30 días para a concesión das licenzas de obra desde que o Concello dispón do todos os informes preceptivos.

Facilidades para acceder a solo empresarial.

Por todo o grupo municipal do Partido Popular deste concello solicita ao Pleno a adopción dos seguinte acordo:

Aprobar a adhesión ao Convenio Doing Business coa Xunta de Galicia e adoptar os acordos e modificacións precisas nas ordenanzas municipais correspondentes para adherirse a dito Convenio.

Pobra a 18 de Novembro de 2017

Manuel Mª Duran Guillán

Concelleiro do Grupo Municipal do PP

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO
CARAMIÑAL**